

## **CONCELLO DE MEIRA**

CIF:P2702900H

Praza do concello, s/n

27240 Meira

Lugo

Teléf.: 982 330 102

Fax: 982 104 090

Enderezo electrónico: [concello.de.meira@eidolocal.es](mailto:concello.de.meira@eidolocal.es)

### **BANDO**

#### **AXUDAS PARA A CORRECCIÓN DE IMPACTOS PAISAXÍSTICOS**

O martes día 13 de abril de 2021 saíu publicada no DOG a resolución do Instituto Galego de Estudos do Territorio sobre as axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos.

#### **BENEFICIARIOS**

- As persoas físicas titulares dun ben inmoble, recurso ou elemento, así como aqueles que posúan calquera título válido en dereito que autorice a realización da actuación solicitada.
- As comunidades de persoas propietarias e as agrupacións de comunidades de persoas propietarias.

#### **ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES**

Podrán ser obxecto de subvención as actuacións que teñan por obxecto a corrección de impactos paisaxísticos, en concreto:

- Tratamento de paredes medianeiras vistas, mediante cobertura con materiais de revestimento, pintado ou tratamento vexetal.
- Revestimento e pintado de fachadas actualmente rematadas en ladrillo cerámico ou bloque de formigón sen revestir.
- Renovación do acabado exterior das fachadas de edificacións (paramentos e carpintarías).
- Remate exterior de cubertas realizadas con pranchas de fibrocemento, mediante a instalación ben de tella cerámica, ben de lousa, en función do material tradicional da comarca.
- Acondicionamento e mellora de peches de predios de gran dimensión (altura superior a 1,50 metros), mediante a substitución de muros opacos por solucións diáfanos ou sebes vexetais.
- Revestimento de muros de cerramento de predios realizados con bloques de formigón, con fábrica de pedra semellante á cachotaría tradicional.
- Substitución de celosías e outros tipos semellantes de pezas prefabricadas de cerámica ou de formigón, en cerramentos de predios, por solucións diáfanos ou sebes vexetais.

#### **CONTÍA DA AXUDA**

O importe da subvención será do **70 % do orzamento do investimento subvencionable, co límite máximo de 3.000 €.**

#### **PRAZO DE SOLICITUDES:**

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do **día seguinte ao da publicación da resolución no DOG e rematará o 31 de maio de 2021.**

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local nos teléfonos 982 34 62 22/982 33 36 01.

Meira, 14 de abril de 2021.

O Alcalde,

Asdo.: Antonio de Dios Alvarez.

